

INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA NOS CICLOS DE **GRAO MEDIO**

Cada solicitante presentará unha única instancia.

O prazo ordinario de **presentación das solicitudes** será desde o día 17 de xuño ata o día 2 de xullo, ambos os dous incluídos, para todo o alumnado que teña superado a ESO no curso 2008-2009 ou a superase en cursos anteriores.

O prazo ordinario de **presentación extraordinario** será desde o día 1 ao 14 de setembro para o alumnado que supere a ESO na convocatoria de setembro.

Quen presente a solicitude no prazo ordinario terá preferencia sobre os que a presenten no prazo extraordinario.

ATENCIÓN: A RESERVA DE PRAZA FARASE NO CENTRO ESCOLLIDO COMO PRIMEIRA OPCIÓN.

PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA: FASE ORDINARIA DE XULLO.

Os centros farán pública a **relación provisional** de persoas solicitantes, ordenada alfabeticamente con indicación da puntuación acadada e das opcións priorizadas. Nese momento é cando se pode reclamar se non se está de acordo. Esta prazo de reclamación é hasta o día 13 de xullo ás 14.00 h.

O día 21 de xullo publicarase a relación de admitidos en cada ciclo formativo de grao medio.

No prazo que abrangue desde o día 21 ao día 24 de xullo deberase matricular o alumnado admitido en cada ciclo.

Igualmente neste prazo o alumno que non queira a praza adxudicada ten que **renunciar**. O feito de renunciar á adxudicación dunha praza é condición indispensable para quedar en lista de espera das opcións anteriores. Os solicitantes admitidos que non se matriculen e non presenten renuncia no prazo indicado, perderán o dereito á súa praza e, nese caso, procederase á súa escolarización ao final do proceso, se houber vacantes.

O 28 de xullo publicarase unha segunda adxudicación de admitidos. Do 28 de xullo ao 31 será o prazo establecido para que este alumnado se matricule.

O prazo de **presentación das solicitudes** para o alumnado que aprobe en setembro será desde o día 1 ao 14 de setembro, ambos os dous incluídos.

PROCESO DE ADXUDICACIÓN E MATRÍCULA: FASE DE SETEMBRO.

Para o alumnado que aprobe a **ESO en setembro** establececese o seguinte período de adxudicación e matrícula.

O día 21 de setembro publicarase a relación de admitidos

No prazo que abrangue desde o día 21 ao día 24 de setembro deberase matricular o alumnado admitido neste adxudicación

Logo haberá novas adxudicacións que serán as seguintes:

Datas de publicación da relación de admitido	Prazo de matrícula
25 de setembro	25 ao 28 de setembro
29 de setembro	29, 30 de setembro
1 de outubro	1 e 2 de outubro
5 de outubro	5, 6 de outubro
7 de outubro	7,8 outubro
9 de outubro	9, 13 outubro
14 de outubro	14, 15 de outubro
16 de outubro	16 a 19 de outubro
20 de outubro	20, 21 de outubro
22 de outubro	22, 23 de outubro

Información obtida da:

Resolución do 3 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se determinan os prazos e se ditan instrucións no procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas para o curso académico 2009-2010.(DOG 16 xuño 09)

PAXINA WEB MOI IMPORTANTE PARA CONSULTAR TODA A INFORMACIÓN REFERIDA A CICLOS

www.edu.xunta.es/fp/

Páxina da Consellería de Educación onde se recolle toda a información sobre os ciclos formativos, tanto de grao medio como superior, probas de acceso, reserva de praza, datas e prazos de preinscripción e matrícula, ciclos formativos existentes, centros onde se imparten... Páxina moi interesante

IMPORTANTE:

A persoa solicitante que indique un número de **teléfono móbil** na solicitude de admisión ao primeiro curso de ciclos formativos polo réxime ordinario recibirá unha comunicación vía SMS en que se lle indicará o centro e o ciclo adxudicados, e o prazo en que deberá formalizar a matrícula correspondente. Esta comunicación terá carácter simplemente informativo e non substituirá a notificación oficial no xeito establecido nesta resolución.